

Extracto da convocatoria para o ano 2019 das subvencións para Asociacións de Veciños destinadas para o Fomento da Convivencia do Concello de Arteixo.

Obxecto.- a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Arteixo, co fin de colaborar co tecido asociativo municipal para o fomento de participación da cidadanía para o desenvolvemento de actividades de ocio e programas de participación e dinamización de interese xeral para a veciñanza, a través dos seguintes programas:

Bloque 1.- Programas e actividades que favorezan a participación entre a veciñanza

Bloque 2.- Formación:

Beneficiarios/as.- Poderán ser beneficiarios de estas subvencións, as Asociacións de Veciños legalmente constituídas ou agrupacións de varias Asociacións de Veciños, que realicen as actividades obxecto das presentes bases e reúnan os requisitos esixidos nas mesmas.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases xerais reguladoras das subvencións para Asociacións de Veciños destinadas para o Fomento da Convivencia do Concello de Arteixo, vixentes publicadas no BOP nº 213, de 8 de novembro de 2019.

Contía.- O importe da consignación presupostaria ascende 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 924.48900, do presuposto ordinario para o 2019.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a cada programa de axudas.

Prazo de presentación.- o prazo de presentación iniciarase ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e rematará o 17 de decembro de 2019.